



# Varios documentos medievais referentes a San Breixo de Lamas e Codeseda no tombo do mosteiro de San Xoán da Cova

Adrián Ares Legaspi

aares@us.es

**Resumo.** O mosteiro de San Xoán da Cova foi unha das institucións da Terra de Santiago que precisaron da escritura para poder xestionar a súa facenda. Deste xeito nace o tombo no que se recollen diversos documentos referentes ás súas propiedades, o cal fora encargado aos notarios que traballan na súa contorna. Neste traballo estudamos quen foron eses notarios e recollemos ademais a transcripción de 3 documentos relativos a zonas do actual concello da Estrada: San Breixo de Lamas e Codeseda.

**Abstract.** The monastery of San Xoán da Cova was one of the institutions in Galicia (Terra de Santiago) which had a deed in order to manage its property. In this way, we have the cartulary, with some different documents related to its belongings, which was entrusted to the notaries who worked nearby. This paper is about these notaries and it also includes the transcript of three documents related to some regions in A Estrada city council: San Breixo de Lamas and Codeseda.

## Introdución<sup>1</sup>

O coñecido como *Tombo de San Xoán da Cova* é un códice diplomático elaborado a mediados do século XV no dito mosteiro, logo de este ser anexionado polo de Santa María a Real de Sar<sup>2</sup>, coa finalidade de atender aos requisitos da xestión da facenda da institución. Esta función está estreitamente vinculada co contido do libro e especialmente coa tipoloxía documental que de xeito maioritario se recolle nos seus folios: o foro. Xa que non imos entrar na análise desta tipoloxía por mor do espazo que para isto precisaríamos, o cal excede ademais os límites desta contribución, abonda con sublinhar que estes documentos permítenos non só facer unha reconstrución das posesións territoriais deste mosteiro, senón tamén facer un estudo económico da zona na que se asenta o mosteiro e dos terreos nos

<sup>1</sup> Esta investigación foi posible grazas ao finamento do V Plan Propio de Investigación da Universidade de Sevilla e ao proxecto de investigación I+D+I “Excelencia” do Ministerio de Economía y Competitividad: HAR2017-85025-P. IESOP. Iglesia y Escritura en el Occidente Peninsular (Castilla y Portugal. Siglos XII-XVII).

<sup>2</sup> Neira Pereira, Henrique (2007), Vedra. *Da prehistoria ós inicios do século xx*, Vedra, p. 90.

que se estableceron os foreiros, pois neste tipo de contratos especificase a renda en moeda que o cenobio debería de percibir ou ben a parte da produtividade xerada pola propiedade aforada<sup>3</sup>. Porén, aínda que esta tipoloxía sexa a máis recorrente no códice, isto non foi óbice para atoparmos outro tipo de diplomas como apeos, cartas de venda, de traspaso, de doazón, confirmacións e rectificacións de foros, devolución de bens ou sentencias xudiciais.

Mais este códice diplomático<sup>4</sup> mostra ao investigador outra información de gran relevancia para entender a xestión que o mosteiro de San Xoán da Cova facía dos seus bens: o artellamento da escritura como un recurso que a institución posúe para administrar a súa facenda. E aínda máis. O feito de que isto non podería ter ocorrido sen o labor dos notarios. Estes podían ser nomeados por distintas autoridades: o rei, o papa ou algún delegado seu, o arcebispo no caso de Santiago, algúns señores laicos que gozasesen desta prerrogativa ou outras institucións como os mosteiros<sup>5</sup>. Porén, o de San Xoán da Cova non posuía esta capacidade, polo que se vía na obriga de botar man de figuras alleas á súa comunidade<sup>6</sup>: notarios apostólicos, notarios sen unha incardinación concreta que actuaban por toda a diocese ou, naqueles nos que nos imos centrar agora, notarios adscritos a un territorio que habitualmente coincidía cos arciprestados<sup>7</sup>.

O notario público xurado na Terra de Taboada e Ribadulla Fernán Pérez foi o notario que máis documentos validou neste libro, 77. Un feito que non nos debe de extrañar se temos en conta que unha das súas angueiras era prestar servizo a particulares e institucións situadas dentro dos límites das terras nas que traballaba<sup>8</sup>. Lucas Ál-

3 Para un estudo histórico deste fenómeno, vid. Lucas Álvarez, Manuel (1953), *Evolución histórica del Foro Gallego*, Santiago de Compostela.

4 Belmonte Fernández abordou a cuestión da terminoloxía de libros como os *Libros de Estatutos, Cartorios e Códices Diplomáticos* tendo en conta o estado de transmisión de cada un dos documentos que se recollen neste libros. Vid. Belmonte Fernández, Diego (2014), "Borradores, originales, copias y recopilaciones: los Libros de Estatutos del cabildo catedralicio sevillano", *Historia. Instituciones. Documentos*, 41, pp. 45-74.

5 Bono Huerta, José (1979-1982), *Historia del derecho notarial español*, I, *La Edad Media*, Madrid.

6 Para o estudo de todos os notarios que participaron na confección deste tombo, vid. Ares Legaspi, Adrián (2018), "O Tombo do mosteiro de San Xoán da Cova (Vedra). Notas paleográficas e rexestos", *Cuadernos de estudios gallegos*, 131, pp. 171-203.

7 Vázquez Bertomeu, Mercedes (2001), *Notarios, notarías y documentos en Santiago y su Tierra en el siglo xv*, Sada, p. 20.

8 *Ibid.* p. 21.

varez constata a presenza deste tipo de notarios na área de Ribadulla e Cornado xa dende 1276<sup>9</sup>, polo que, como vemos, o seu papel no mundo da cultura escrita xa estaba consolidado a mediados do século xv debido á máis que longa tradición das súas tarefas neste espazo xeográfico.

Porén, a importancia destes notarios non só residiu no feito de permitir o desenvolvemento do día a día destas institucións e do núcleo de poboación para os que traballaron, senón tamén por tratárense da figura que “garantiza documentalmente el orden socio-político establecido”<sup>10</sup> por parte de quen posuía o poder no territorio no que exercían, no caso de Santiago, o arcebispo. Deste xeito, os notarios das terras do arcebispado formaban parte do que podemos considerar unha rede notarial ben definida e asentada sobre os dominios nos que o prelado compostelán desenvolvía o seu poder como señor, a súa xurisdición, a cal abrangúa a prerrogativa de nomear escribáns. Esta rede que se asentaba sobre a organización de unidades territoriais das terras, vilas e núcleos urbanos de máis grandes apuntada por González Vázquez<sup>11</sup>, permitía ademais a mobilidade horizontal dentro do sistema dos notarios que exercían nalgún destes ámbitos, normalmente actuando como *escusadores* ou substitutos doutrouros escribáns na cidade de Santiago. Deste xeito, individuos como Xácome González, que era notario da terra de Taboada e Ribadulla, ou Xácome Eáns, notario de Taboada, Ribadulla e Cornado, podían traballar tamén como *escusadores* dos notarios do cabido da catedral de Santiago Gómez Vázquez de Vaamonde e Sancho de Cardama o primeiro e Álvaro de Casteenda e Alonso de Fonseca o segundo<sup>12</sup>.

Finalmente, algunas das notarías destas terras, entre elles as de Taboada, Ribadulla ou Vea, puideron pertencer a membros da oligarquía urbana da cidade de Santiago, sobre todo no século XVI. Neste caso, estas oficinas debían de ser traballadas por veciños des-

9 Lucas Álvarez, Manuel (1989), “El notariado en Galicia hasta el año 1300 (una aproximación)”, *Notariado público y documento privado: de los orígenes a al siglo xiv. Actas del VII Congreso Internacional de Diplomática*, vol. I, Valencia, p. 347.

10 Pardo Rodríguez, María Luisa (1994-1995), “La Diplomática señorial en la Corona de Castilla”, *Estudis Castellonencs*, 6, p. 1020.

11 González Vázquez, Marta (1996), *El arzobispo de Santiago: una instancia de poder en la Edad Media (1150-1400)*, Sada, p. 134.

12 Vid. Vázquez Bertomeu, Mercedes (1997), “El escritorio capitular compostelano (1460-1481)”, *Historia. Instituciones. Documentos*, 24, pp. 533 y 534.

tes territorios mediante contratos de arrendamento (frecuentemente cunha duración entre 2 e 5 anos) e cartas de poder<sup>13</sup>, convertendo a estes últimos en escusadores dos titulares da oficina.

## Os documentos<sup>14</sup>

### 1419, xullo, 8. Mosteiro de San Xoán da Cova

*O prior e cóengos do mosteiro de San Xoán da Cova consenten a venda realizada o 8 de xullo de 1419 por parte de Xoán Foupete, alfaiate, veciño da Ponte Ulla, e a súa muller, Constanza García, a Afonso Fernández, clérigo de San Breixo de Lamas, dunhas viñas. A.- AHDS, Fondo San Matiño, carpeta 46, documento 11, f. 59r.*

Enno anno do nascemento de noso señor Ihesu Christo de mill e quatrocientos e dez e noue annos, oyo días do mes de xuño. Sabeán todos que en presenza de min notario e testemuñas so escriptas, estando Juan Foupete, alfaiate, enno moesteiro de San Juan da Coua, e estando y presente Nuno Afón, prior do dito moesteiro, e Rodrigo Eanes e Gonçaluo Rodríguez, cóengos do dito moesteiro, entón o dito Juan Foupete diso ao dito prior e cóengos que eles ben sabían en commo el tiina aforado do dito moesteiro e convento del certas leiras de viñas e herdades que son enno chaaos e couto do dito moesteiro e el as agora non podía labrar nen teer, nen vsar e por menesteres que avía mester quería vender o foro dellas e traspasárlas en outras personas e especialmente en Afón Fernández, clérigo de San Breixome de Lamas, que presente estaua. Por ende que lles dezía e frontaua e requería ao dito prior e cóengos se querían os ditos foros que lle así fezeran das ditas viñas tanto por tanto para si e para o convento do dito moesteiro. E eles diseron que as non querían para sy, mais que o consentían e consentiron de as el vender e traspasar ao dito Afón Fernández, clérigo, e súas vozes e non a outra persona e que outorgauan enna dita venta que el así fezese do dito foro das ditas viñas ao dito Afón Fernández. E o dito Juan Foupete diso que pedía delo testemoyo para garda do seu dereito. Esto foy no dito moesteiro, anno, mes e día sobreditos. Testemuñas que foron presentes Iohán Afón Estraga, escudeiro, e Gonçaluo Doqua, carpenteiro, e Diego Lourenço da Ponte da Vlla e Juan Eanes de Galegos e Rodrigo Eanes, fraude de Camanço, e outros.

13 Para unha mostra destes contratos: Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Protocolos notariais, S-17, ff. 275v-277v e S-72, ff. 452r-453v.

14 Seguimos para as normas de transcripción destes documentos os criterios empregados por Lucas Álvarez e Justo Martín, quen, pola súa banda, toman os propostos pola Comisión Internacional de Diplomática e outros do Consello da Cultura Galega que non chegaron a ser publicados. Vid. Justo Martín, María Xosé, Lucas Álvarez, Manuel (1991), *Fuentes documentales da Universidade de Santiago de Compostela: pergameos da serie BENS do Arquivo Histórico Universitario (anos 1237-1537)*, Santiago de Compostela; e vid. tamén Varela Gómez, David (2011), "La transcripción paleográfica de documentos medievales en gallego: Estado de la cuestión y necesidad de la interdisciplinariedad", *Nuevas líneas de investigación en el estudio diacrónico de la lengua española*. Actas del IX Congreso de la Asociación de Jóvenes Investigadores de Historiografía e Historia de la Lengua Española (AJIHE), Palma de Mallorca, pp. 83-93.

Eu Fernán Pérez, notario público jurado de terra de Tauerôôs e de (sinal) Ribadulla por la eglesia de Santiago, este contrabto saqey das notas feytas por ante Afón Ballo, notario que foy da dita terra, meu anteçesor, e por min ben e fielmente aquí escripuy para o qual ey abtoridade do señor arçobispo de Santiago e meu nome e signo aquí ponen en testemuño de verdade que tal he. (+)

## 1419, xullo, 8. [s.l.]

Xoán Foupete, alfaiaate, veciño da Ponte Ulla, e a súa muller, Constanza García, venden a Afonso Fernández, clérigo de San Breixo de Lamas, unhas viñas por 800 marabedís. A'.- AHDS, Fondo San Matiño, carpeta 46, documento 11, f. 59v.

Enno anno do nasçemento de noso señor Ihesu Christo de mill e quatroçentos e dez e noue annos, oyto días do mes de xuño. Sabean todos que eu Iohán Foupete, alfaiaate morador que foy enno lugar da Ponte da Vlla, por min e en nome de mia muller, Costança García, por la qual me obliguo de dar outorgamento desto adeante contíudo por min e por ela e por todas nosas vozes, vendo firmemente e outorgo para sempre a vos Afón Fernández, clérigo de San Breixome de Lamas, comprante por vos e para todas vosas vozes, conven a saber: que vos vendo a nosa leira de herdade e vina que jaz ontre a leira de herdade que ora ten García, yrmao de Gonçaluo Eanes, feito cóengo, e de Fernán Ferrucho e ontre a leira de Diego Lourenço, as quaes leiras jazen enno Chao. Iten vos vendo mais o sesto da herdade e vina e leira que jaz ontre o chao e a vina de Roy de Santeles. Iten vos vendo mais a outra leira de vina que jaz enno dito lugar do Chao ontre a vina de Diego Lourenço e Afón Barbaacho, as quaes vinas e leiras de herdade eu e a dita mia muller agora teemos postas e prantadas de vina e as quaes nos perteeçen por foro que delas teemos feito do prior e conuento do moesteiro de San Iohán da Coua, que son enno couto do dito moesteiro e que, outrosí, Nunno Afón, prior do dito moesteiro e huna parte do convento del me dou liçençia e consentimento para vos las vender. E vénvodovolas commo dito he con todas súas perteeças e dereituras con tal condición que tenades as ditas vinas e as labredes en maneira que se non pergan por mingoa de lauor e de chousura e pagedes o foro por contía de oytoçentos marabedís de moeda vella branqua en tres dinérios. Os quaes marabedís me logo dades e pagades en huna taça de prata e en penores que montan e valen a dita contía; dos quaes confeso e outorgo que sóo entrego e pago e renunçio a toda eixepción que nunca ende diga o contrario. E se mais val esto que dito he toda esa demaisia vos dou e outorgo en pura e justa doação para todo sempre e todo jur, señorío, voz, auçón e dereito que eu e a dita mia muller avemos en esto que vos vendemos de min e dela o quito e tiro e en vos e vosas vozes e pono e traspaso e de aquí endeante façades delo toda vosa voontade. E se eu ou mia uoz contra esta carta e venda vier quer que for, page por pena a vos e a uosa voz o dobro da dita contía e a pena, pagada ou non pagada, esto valla para sempre. E eu o dito Afón Fernández así o recebo e outorgo e obliguo a elo meus bêes. Testemufías que foron presentes Juan Afón Estraga, escudeiro, e Gonçaluo Doqua, carpenteiro, e Diego Lourenço da Ponte da Vlla e Juan Eanes de Galegos e outros.

Eu Fernán Pérez, notario público jurado de terra de Taueirôôs e de Ribadulla (sinal) por la iglesia de Santiago, este contrabto saqey das notas feytas por ante Afón Ballo, notario que foy da dita terra, meu anteçesor, e por min ben e fielmente aquí scripuí para o qual ey autoridade do señor arçobispo de Santiago e aquí meu nome e signo pono en testemuño de verdade que tal he. (+)

## 1419, xullo, 8. Mosteiro de San Xoán da Cova

O prior e cóengos do mosteiro de San Xoán da Cova aforan de forma vitalicia a Afonso Fernández, clérigo de San Breixo de Lamas, a metade dunha casa e pardineiro na Ponte Ulla por 3 marabedís anuais.

A.- AHDS, Fondo San Matiño, carpeta 46, documento 11, ff. 59v-60r

Anno do nasçemento de noso señor Ihesu Christo de mill e quatroçentos e dez e noue annos, oyto días do mes de juyo. Sabean todos que nos Nuno Afón, prior do moesteiro de San Iohanne da Coua, e Rodrigo Eanes e Gonçaluo Eanes e Gonçaluo Rodríguez, cóengos do dito moesteiro, por nos e en nome do convento do dito moesteiro e de nosos soçesores, sendo juntados en noso cabido dentro do dito moesteiro segundo avemos de vso e de custume, aforamos e damos en aforamento a vos Affón Fernández, clérigo da iglesia de San Breixome de Lamas, convén a saber: que vos aforamos a meadade de aquela casa e pardineiro que nos teemos no lugar da Ponte da Vlla, a qual está junta con a cassa de Afón Eanes Barbancho //60r e da outra parte con casa de Fernán Caldelas. E aforámosvosla commo dito he con todas súas perteeescas e dereituras, entradas e seídas por todo tempo de vosa vida e de huna voz e por mais viinte e noue annos annos (*sic.*) complidos primeiros segintes. Por la qual casa avedes de dar a nos e a nosos soçesores por foro tres marabedís e huna fogariça aao vença da vestiaria e así en cada huun anno e alende desto con condición que doje acá tres annos segintes leuantedes e restoiredes a dita casa de pedra e madeira e ferro e tella e do al que ouver mester por vosa custa. E non douedes de vender nen sopenorar este foro en outra persona sen noso mandado e fazéndoou que non valla. E non vos deue seer tirado este aforamento por más nen menos que nos outro por elo dé ante vos deue seer feito saao e de paz por los bêês do dito moesteiro que vos para elo obliguamos. E qual das partes contra esto vier e non o comprir e agardar, page por pena a a outra parte que o agardar e comprir quinentos marabedís e a penna pagada ou non pagada esto fique feito e valla. E eu o dito Afón Fernández, por min e porla dita voz e porlo que soçeder ennos ditos annos así o outorgo e recebo. Testemuñas que foron presentes Juan Afón Estraga, escudeiro, e Gonçaluo Doqua, carpenteiro, e Diego Lourenço da Ponte da Vlla e Juan Eanes de Galegos e outros.

Eu Fernán Pérez, notario público jurado de terra de Taueirôôs e de (sinal) Ribadulla por la eglesia de Santiago, este contrabto que pasou por ante Afón Ballo, notario que foy da dita terra, meu anteçesor, saqey das notas por ante el feitas e aquí escripuí para o qual ey poder e autoridade do señor arçobispo de Santiago e aquí meu nome e signo pono en testemuño de verdade que tal he. (+)

## 1426, xullo, 2. Mosteiro de San Xoán da Cova

O prior e cóengos do mosteiro de San Xoán da Cova aforan de forma vitalicia a Teresa Ares, abadesa de San Xurxo de Codeseda, e a Gómez Fernández, mercador, e á súa muller, Teresa Suárez, veciños de Santiago, as herdades, casas, casares e chantados que estes últimos posúan nos lugares de Sandos e de Vilaverde (os cales foran doados con anterioridade por eles mesmos ao mosteiro) e máis o casal da Cabreira (que o mosteiro tiña aforado a Inés Eáns de Socastro, veciña Socastro, na freguesía de San Mamede de Ribadulla), todos eles Santa Cruz de Ribadulla, por unha oitava parte do pan, metade de millo e metade de centeo, anualmente. Insírese carta de renunciación da dita Inés Eáns do aforamento que tiña do casal da Cabreira (ff. 23v-24r).

A'.- AHDS, Fondo San Matiño, carpeta 46, documento 11, ff. 23r-24r

Enno anno do naçemento de noso señor Ihesu Christo de mill e quatrocentos e vinte e seys annos, dous días do mes de xuño. Sabean todos que eu Tareyja Ares, abadesa do mosteiro de San Jurjo de Codeseda, e eu Gómez Fernández, mercador vizinho e morador enna cidade de Santiago, en nome de Tareyja Suárez, mia moller, de que ajo poder por ante este notario ajuso escrito, e que me obligo de dar outorgamento de todo o infra contíudo, para o qual obligo min e meus bêês por nos e por nosas vozes e da dita Tareyja Suárez con toda boa vontade e sen premia e costrengemento e enganno algúin, damos e outorgamos en libre doação e jur de heridade para todo sempre ao mosteiro de San Juan da Coua e prior e conuento del todas las herdades, casas e casares e chantados que eu e a dita Tareyja Ares e a dita Tareyja Suárez avemos e nos pertesce en qualquer maneira ennos lugares de Sandos e de Vilaverde, que son enna freguesía de Santa Cruz de Ribadulla, onde quer que vaan a montes e a fontes e que a min a dita Tareyja Ares e a dita Tareyja Suárez perteessen por parte de Costança Gonçáuez de Nozeda e por nosos padres e avoos e heran cartas e compras e gaanças e en outa qualquer maneira. E esta doação e jur de heridade fazemos ao dito mosteiro e damos segundo dito he por moytas cousas de que lle somos obligados e enno amor de Deus e por razón do negocio e foro porlo dito mosteiro, prior e convento del a nos feito segundo ajuso se contén. E renunçiamos a toda eexeipción que non digamos o contrario e todo jur, señorío, voz, abcón, derecho, posesón, propiadade que nos e cada vn de nos avemos enno que dito he de nos e de nosas vozes o tiramos e tollemos e enno dito mosteiro o poemos e traspasamos por esta presente carta para todo sempre e daquí endeante o dito mosteiro e súas vozes façan dos ditos herdamentos e súas herdaduras toda súa voontade commo súa cousa propia. E esto prometemos teer, comprar e agardar e non yr contra elo so a pennha infra escripta e por juramento que ende fazemos aos santos avangeos sobrelo signal de cruz. E nos Juan Fernández, prior do dito mosteiro de San Juan da Coua e Rodrigo Yáñez e Fernán Pérez e Sueiro Yáñez, Roy Gonçáuez, Fernán Afón, Juan Rosa, cóengos do dito mosteiro que somos presentes por nos e en nome de Gonçaluo García e Gonçaluo Rodríguez, cóenigos do dito mosteiro, sendo juntados en noso cabidoo enno dito mosteiro por tangemento de campaá segundo que avemos de vso e de costume, en nome do dito mosteiro e para el, asy o recebemos e por quanto sobre razón do negocio yfra (sic.) contíudo ouvemos noso acordo e deliberación e plenaria información

por testemuñas aquí era de creer e achamos que esto era e he feito en grande prol e boo paramento do dito mosteiro. E por quanto Ynés Yáñez de Socastro, morador en Socastro, fregesía de San Mamede de Ribadulla tiiña aforado do dito mosteiro en tempo de súa vida o casal da Cabreira, que he enna fregesía de Santa Cruz de Ribadulla, con súas herdades, casas e viñas e chantados a montes e a fontes, porlo qual nos dava de foro en cada vn anno media oytava de pan porla medida do çeleyro do dito mosteiro. A qual dita Ynés Yáñez oje este dito día en voso fauor e desto que aquí se contén renunciou enno dito mosteiro e en nos en nome del o dito aforamento por ante o notario e testemuñas ajuso escriptos segundo ajuso se contén. E por quanto vos os sobreditos dades de foro en cada vn anno a nos e ao dito mosteiro huna oytava de pan porla dita medida, medio millo e medio çear, e demays destes ao dito mosteiro as herdades casas e chantados sobreditas. A qual todo he em grande prol e boo reparamento do dito mosteiro e do convento del e ven delo ao dito mosteiro grand proueyto. E por ende nos considerando todo esto, outorgamos e conosçemos que por nos e por nosos soçesores aforamos e damos en aforamento a uos a dita Tareya Ares, abadesa de Codeseda, e Gómez Fernández e Tareya Soárez, vosa moller, o dito casal de Cabreira con todas súas herdades, casas e chantados e vyñas onde quer que vaan, a montes e a fontes, enna dita fregesía de Santa Cruz de Ribadulla con mays as ditas herdades, casas e chantados de Sandos e de Vila- // 23v verde que asy destes ao dito mosteiro segundo que dito he e con súas rentas e foros a el perteentes, combén a saber: a vos a dita Tareya Ares enna meatade e a vos Gómez Fernández e Tareya Suárez, vosa moller, enna outra meatade doje este día endeante por todo tempo das vidas de todos tres e de cada vn de vos e por máys tempo alende o máys postromeiro de vos viinte e nove annos complidos primeiros segintes. Porlo qual o dito casal da Cabreira e herdades e viñas del e herdades sobreditas nos deuedes de dar por foro en cada vn anno a nos e ao dito mosteiro e nosos soçesores huna oytava de pan, meo millo e meo çenteo, porla dita medida do çeleiro do dito mosteiro en paz e en saluo enno dito casal da Cabreira, que nos deuedes de dar e pagar por cada día de San Martiño de novembro en cada vn anno. E por vosos bêês que a elo obligades enno dito tempo non vos deue seer tirado nen tollido este aforamento por máys nen menos nen al tanto que outro por elo dé, nen por outra razón nen aynda que digamos que queremos o dito casal e herdades e rentas deles para noso mantemento; antes prometemos e outorgamos de vos las fazer sââs e de paza (sic.) e vos anparar e defender con elas durante o tempo deste aforamento por los bêês do dito mosteiro que a elo o obligamos. E dâmosvos poder comprido que posades entrar e receber o dito casal e herdades e viñas e o jur e posisón del por virtud deste aforamento. E non deuedes de vender nen sopenorar este aforamento e casal e herdades e viñas arriba contiúdas, saluo requirindo primeiramente a nos se o queremos tanto por tanto. E non o querendo que o façades a tal persona que non seja dona, nen cavaleiro, nen escudeyro, nen iglesia, nen moesteiro, nen home poderoso, antes que seja mantinente ao dito mosteiro e repare ben este dito casal e herdades e viñas e page ben o dito foro e cumplá e agarde as condiçôôs aquí contiúdas e que seja congeyto noso e do dito mosteiro. E a fyn do dito tempo, o dito casal e herdades e viñas arriba contiúdas deuen ficar ao dito mosteiro lybres e quitas e desenbargadas con quanto perfeto e bôô

paramento en elas for feyto. E porque esto he feito en proueyto do dito mosteiro, rogamos e pedimos por merçed a noso señor o papa e a noso señor o arçobispo de Santiago, ou a seu vicario, ou a outro qualquier que poder ou jurdiçon ouver para elo que dé súa abtoridade e dekleto (sic.) a este dito aforamento para que valla e faça fe e seja valedeiro porlo tempo e annos en el contiúdos. E nos a dita Tareyja Ares e Gómez Fernández, por nos e porla dita Tareyja Suárez e porlo que soçeder ennos ditos annos e porlas maneiras e condiçôns arriba contiúdas asy o recebemos e outorgamos e obligamos por elo a nos e a nosos bêes e de cada vn de nos. E esto prometemos e outorgamos nos partes sobreditas de teer, conpir e agardar todo segundo que arriba se contén e de non yremos contra elo nen contra parte delo so pena de tres mill marabedís de boa moeda, que peyte por pena a parte de nos que o non conpir e agardar a outra parte que o agardar e conpir. E a pena pagada ou non pagada esto fique firme e valla en seu rebor. Feito e outorgado enno dito mosteiro, anno, mes, dia sobreditos. Testemuñas que foron presentes Esteuoo Fernández, pedreiro morador enno lugar da Ponte da Vlla, e Juan López de Socastro e Juan Rezeo, home do dito prior, e Lopo, criado do dito Gómez, e outros. E do qual renunçiamento feito por la dita Ynés Yánez o thenor a tal he: Enno anno do naçemento de noso señor Ihesu Christo de mill e quatroçentos e viinte e seys annos, dous días do mes de juyo. Sabeam todos que eu Ynés Yánez de Socastro, morador en Socastro, fregresía de San Mamede de Ribadulla, por razón que eu en tempo de mia vida teño aforado do mosteiro de San Iohán da Cova o casal da Cabreira con súas herdades, casas e chantados e viñas onde quer que vaan a montes e a fontes que he enna fregresía de Santa Cruz de Ribadulla porlo qual ey de dar por foro ao dito mosteiro en cada vn anno media carga de pan, medio myllo e medio çueyra, porla medida do çeleiro do convento del, o dito aforamento e o dereito que a el ajo e poso auer para que o dito mosteiro, prior e convento del façan do dito casal súas vontades. O qual prometo teer, conpir e agardar so pena de mill maravedís. E nos Juan Fernández, prior do dito mosteiro, e o conuento do dito mosteiro que somos presentes, así o recebemos. Testemuñas que foron presentes // 24r Esteuô Fernández, pedreiro, e Juan López de Socastro e Juan Rezeo. E eu Fernán Pérez, notario de terra de Taveirôns e de Ribadulla porla iglesia de Santiago a esto presente foy e escripuy e aquí meu nome e signo poño en testimuño de verdade que tal he. Despois desto, este sobredito dia, estando enno dito lugar de Cabreira, fregresía de Santa Cruz de Ribadulla e en presenza de min o notario e testemuñas a juso escriptas, entón parasçeron os ditos Gómez Fernández por sy e en nome da dita súa moller e otros y a dita Tareyja Ares, abadesa, e por vertude do sobredito aforamento receberon o dito casal da Cabreira con súas herdades, casas e chantados e viñas onde quer que forse a montes e a fontes por terra e fama requirindo aos labradores que labrauan as ditas viñas do dito casal que lle recodisen con as rentas e dereituras do dito casal e herdades e viñas e non a outro algûn. E diseron que de commo o asy recebían que pedían testimuño pagado do seu dereito. Testemuñas que foron presentes Fernán Yáñez de Toomonde e Juan López de Socastro e Fernán Pérez de Sete e Juan Lochón de Toomonde, labradores do dito casal da Cabreira e viñas del e moradores enna dita fregresía de Santa Cruz de Ribadulla e outros.

Eu Fernán Pérez, notario público jurado de terra de Taueirôôs e (sinal) de Ríbadulla porla eglesia de Santiago, a esto que dito he en huun con as ditas testemuñas presente foy e fiz escripuyr e aquí meu nome e signo poño en testemuño de verdade que tal he. (+)

# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



miscelanea.aestrada.com  
ISSN 1139-921X

## Número 1 (1998)

Presentación • *A agricultura en Castrovite (Orazo, A Estrada) durante a Idade do Ferro.* Xulio Carballo Arceo • *A Estrada nos seus documentos antigos.* Tres documentos do século XV escritos en galego relativos ó lugar de Gudín en Guimarei, A Estrada. Xoán Andrés Fernández Castro • *Os hórreos na Galicia.* Olimpio Arca Caldas • *A Estrada na obra gráfica de Castelao.* José Manuel Castaño García • *Reflexiones sobre un lienzo de Corredoira.* Javier Travieso Mougán • *Unha parte da historia da biblioteca pública municipal de A Estrada.* Mario Blanco Fuentes • *Aproximación ó estudio da chegada e desenvolvemento do alumado público eléctrico na Estrada. (1900-1950).* María Jesús Fernández Bascuas • *Dieciséis años de Parlamento de Galicia. (Balance de su producción legislativa).* Roberto L. Blanco Valdés.

## Número 2 (1999)

